



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 7 DE

### NOVEMBRO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día sete de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste, con escusa, don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de data 24 de outubro e 2 de novembro de 2011.**

Pola secretaria da Corporación faise constar que non se puideron remitir os borradores correspondentes ás sesións ordinarias de 24 de outubro e 2 de novembro de 2011.

#### **2º.- Correspondencia.**

- Escrito da *Subdirección General de Cooperación Económica Local*, rexistrado de entrada con data do día 2 de novembro de 2011 co número 17.759, no que se comunica que, á vista do acordo adoptado polo Pleno da Corporación o 21 de xullo de 2011, para o cambio de emprazamento da actuación "Equipamentos sociais: Casa da Cultura", situada no municipio de Cambre, na parroquia do Temple rehabilitando a edificación do século XIX, denominada Vila Concepción, e tendo en conta a documentación recibida, non existe inconveniente en admitir as ditas variacións sempre e cando manteñan os obxectivos e criterios marcados nas Bases reguladoras da convocatoria 2007 de axudas do Fondo europeo de desenvolvemento rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano.

- Escrito do Xulgado do contencioso-administrativo n.º 2 da Coruña, rexistrado de entrada con data do día 3 de novembro de 2011 co número 17.816, no que se comunica a

desestimación do recurso contencioso-administrativo interposto pola procuradora dona María Freire Rodríguez Sabio en representación de Forestal de Pazos S.L. fronte a resolución do alcalde de Cambre de data 21 de setembro de 2010 pola que se desestima o recurso de reposición fronte a anterior resolución de data de 7 de xullo de 2010 de adjudicación provisional do contrato para o desenvolvemento dos traballos de limpeza, roza e roza mecánica e/ou manual das gaviás dos camiños propiedade do Concello de Cambre.

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes da alcaldía**

O señor alcalde informa que é necesario constituír unha Comisión de deslinde para resolver os problemas que hai cos Concellos de Carral e Oleiros.

Así mesmo, hai que estudar o problema que hai con Culleredo polo tema dos caudalímetros que se colocaron no Gaiteiro. O concelleiro de Obras encargarse de velo.

Para finalizar, dá conta do escrito de *La Rosadela "De La Coruña"*, rexistrado de entrada con data do día 3 de novembro de 2011 co número 17.830, no que, tendo en conta que lles foi comunicada a negativa de prórroga do contrato de lacería e canceira con data 2 de novembro de 2011, requiren para que, de inmediato, o Concello de Cambre lles comunique de forma fehaciente a súa decisión sobre o destino final dos animais en custodia na dita empresa.

Conclúe dicindo que é necesario elaborar unha proposta para que, mentres o Concello de Cambre non se adhira ao Consorcio, encargar os servizos de lacería e canceira á empresa Servigal, ademais de contestar ao escrito presentado por La Rosaleda.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado**

Don Fernando Caride Suárez informa que na reunión que mantiveron o mércores polo tema do transporte metropolitano, a Xunta concedeu a Cambre 13 postes de parada, dous refuxios de primeiro nivel ou de 6 metros, e sete refuxios de 3 metros o de segundo nivel.

Explica que se vai realizar unha montaxe de proba coas empresas que realizan os traballos, e aínda que parece ser que non ten moita complexidade, é necesario enviar a alguén para que vexa os traballos.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Continúa dicindo que tamén se falou de que as marquesiñas que se retiran pódense reutilizar.

Respecto das marquesiñas que se entregan, a responsabilidade sobre elas é do Concello. Di que haberá que situalas nun mapa e despois ver se hai terreos públicos, é dicir, teñen que determinar onde se van colocar e que a súa instalación sexa en dominio público.

A continuación informa que recibiu unha solicitude dun veciño para que se leve a cabo a modificación do sentido das rúas Otero Pedraio, Martín Codax e Abeleira. En principio van quedar como están, pendentes da urbanización da zona entre a rúa Martín Codax e Abeleira.

Informa que o pasado sábado foi o magosto e que todo se desenvolveu ben, sen ningún problema.

En canto ao departamento de Deportes, o venres pasado tivo unha reunión coa empresa Alvac e co arquitecto da pista de skate. Di que hai un problema no proxecto orixinal, xa que non se contemplaba a urbanización da parte superior que queda por riba da pista de skate. Cando chove, como a pista está en dous niveis, a terra vai cara á pista, por iso van facer as melloras necesarias, asfaltar a zona, poñer uns bolardos e tamén van preinstalar unha fonte.

Conclúe informando que, en canto ás obras da piscina do Graxal, xa incoaron as obras de subsanación dos fallos. Está feito o selo perimetral, van deixar que seque e finalmente a encherán de auga.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que cada concellería tiña que facer o seu proxecto de orzamento para 2012. Agora están á espera de recibir o borrador dos gastos correntes para poder estudalos e conxugar todas as propostas tendo en conta a previsión de ingresos para 2012. Di que da liquidación dos orzamentos de 2010 resultou un déficit de máis de 600.000 euros, co cal o próximo orzamento habería que aprobalo cun superavit da mesma cantidade, non obstante, quizais sexa posible ter que aprobalo coa metade dese déficit, segundo lle adiantou a interventora municipal, ao estar preparándose un expediente de baixa por anulación de créditos do actual orzamento de 2011.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Diaz informa que estivo falando co xefe da área de Urbanismo, don Emilio Martínez, e van buscar a forma para que sexa obrigatorio que a xente que solicita licenzas de

obras unifamiliares teña que presentar as actas de replanteo de cimentación e estrutura, que ata agora eran opcionais.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que o venres houbo problemas de inundacións a mediodía, xa que na praza Manuel Murguía, no Temple, non existe suficiente capacidade de evacuación de pluviais.

Tamén no polígono de Espírito Santo se inundou a rotonda que vai cara ao centro de formación, e coa sarabia que caeu, houbo tamén problemas no propio centro. Explica que no terreo paralelo a esta edificación, no que está pegado ao centro, vaise facer unha canle a nivel do aglomerado para que a auga non quede na estrada e evitar así posibles accidentes.

No caso do Temple di que hai dúas bombas activas e tres avariadas. Deu orde de que se arranxen de maneira inmediata.

No bombeo de Cecebre, xunto á igrexa, hai un problema porque se picou a tubaxe, e ao bombear saía a auga. Foron velo, e parece ser que se picou, ao mellor, ao colocar algún elemento con motivo das festas. Van arranxalo.

Finalmente informa que, en canto ao tema da roza, van rematar esta semana.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama fai entrega ao resto dos concelleiros dunha copia coa acta do fallo do xurado, e relación de premiados, no XXVIII Certame de pintura Concello de Cambre.

Tamén informa que recibiron unha invitación para participar en EXPOCoruña, que se vai celebrar no Palexco. O prezo sería de entre 2000 e 3000 euros polos tres días.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel informa que mañá dá comezo o programa de Xantar na casa. Ven un representante da Xunta e vai ir el, xunto coa responsable municipal, a facer unha visita aos domicilios para a posta en marcha do servizo.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Así mesmo, solicita que dende o departamento de Urbanismo lle faciliten un orzamento para o arranxo dun baixo na Barcala co obxecto de instalar un banco de alimentos en Cambre. Tamén queren ver a posibilidade de formalizar un convenio coa Deputación.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



Maria Luisa de la Red Ampudia

C.I.F. P-1501700-G